

INFORME DA ASESORÍA XURÍDICA EMERXENCIA COVID19

Advertencia

Dados os continuos cambios legislativos e interpretativos que se están a producir día a día, este Colexio non pode garantir a exactitude e actualización das seguintes interpretacións que facemos sobre o réxime de prestacións, axudas, ERTES e demais cuestións que se abordan no presente documento, polo tanto, moi ao noso pesar este documento carece de valor vinculante.

Recomendamos en todo momento chamar á vosa MUTUA ou directamente ao INSS.

REQUISITOS CESE ACTIVIDADE (PROFESIONAL AUTÓNOMA OU AUTÓNOMO).

Quen pode solicitar a prestación extraordinaria?

Todos os profesionais autónomos ou autónomas que reúnan os requisitos, incluídas persoas societarias, colaboradores e colaboradoras familiares, socias e socios traballadores das cooperativas de traballo asociado....

Son autónomo/a e son beneficiario/a dalgunha bonificación no pago do RETA, por exemplo, a tarifa plana de 60 euros. ¿Teño dereito igual?

Si.

Cales son as vías da prestación extraordinaria?

Existen dúas vías, a de peche por estar incluída a actividade como non esencial (forza maior) ou a acreditación da baixada dos ingresos.

Como atopo a Mutua á que pertenzo?

Aparece no documento de alta de autónomo. Se non o tes á túa disposición, co teu certificado dixital, podes acceder á sede electrónica da Seguridade Social e informarte. Se non tes o certificado, chámalles por teléfono.

Existen diferenzas entre profesionais sanitarios/as e non sanitarios/as?

Estannos a chegar moitas dúbidas sobre se existe diferenza entre profesionais sanitarios/os e non sanitarios/os. O COPG entende o seguinte:

1. Non existe a diferenza de esenciais e non esenciais. O único que sabemos é que os centros, servizos e establecementos sanitarios si que o son, así que as persoas titulares, ou adscritas (vinculadas ou laborais) si son esenciais.
2. Que a diferenza non está en estar homologado ou non como sanitario, senón o servizo que se presta: así sabemos que os e as profesionais adscritas a servizos sociais ou as e os peritos

adscritos aos Xulgados que non teñan a homologación sanitaria tamén teñen a consideración de esenciais.

Requisitos:

- **Estar de alta** no Réxime Especial de Autónomos en data 14 de marzo de 2020 (data de entrada en vigor do estado de alarma).
- Cesar na actividade. Non hai que darse de baixa nin no IAE nin non RETA pero **NON se pode traballar**.
- Demostrar unha **redución na facturación** no mes natural anterior á solicitude do **75%** da media efectuada no semestre natural á declaración do estado de alarma. Cando o traballador ou traballadora autónoma non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período efectivo de actividade.
- O **prazo** de solicitude é **dun mes desde o 14 de marzo de 2020**. Aspecto que pode variar en función das prórrogas que poidan realizar ao estado de alarma.
- **Presentar a documentación xustificativa** mediante os libros de facturas emitidas e recibidas (por exemplo).
- Acompañar a solicitude dunha **declaración xurada** na que se faga constar que se cumpre con todos os requisitos esixidos para causar dereito á prestación.

Contía:

A/O profesional autónoma/o que cumpra os requisitos e o solicite **NON terán que pagar a cota mensual** á Seguridade Social.

A prestación extraordinaria será a equivalente ao **70% da base de cotización**. No caso de autónomas/os que coticen pola cota mínima mensual (falamos dunha contía de pago de 286,15€), salvo erro ou omisión, falaríamos de que a axuda estaría en 661,8€. No caso de cotizar por máis:

A contía máxima da prestación será:

- Norma xeral: o 175% do IPREM
- 200% do IPREM se ten un fillo ou filla ao seu cargo
- 225% do IPREM se ten dous fillos ou fillas ao seu cargo

Que se entende por fillos ou fillas a cargo?

- Menores de 26 anos.
- Maiores cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 33%.
- Que estes fillos ou fillas carezan de rendas de calquera natureza iguais ou superiores ao Salario Mínimo Interprofesional excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.
- Que convivan coa persoa beneficiaria.

Cal é o IPREM mensual do ano 2020?

537,84€.

Cal é o SMI mensual do ano 2020?

950,00€.

É compatible esta axuda extraordinaria con outras prestacións da Seguridade Social?

Non. (A modo de exemplo, se a persoa autónoma tamén traballa por conta allea e cobra unha prestación de baixa).

OUTRAS PREGUNTAS SOBRE OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

Podo deixar de pagar os impostos?

Non. A pesar de que o RD 463/2020 do estado de alarma suspendeu os prazos administrativos, esta medida non se aplica aos prazos tributarios. Por exemplo, antes do 20 de abril aquelas persoas obrigadas terán que presentar as súas **correspondentes autoliquidacións**.

Pódese aprazar o pago?

Segundo establece o RDL 7/2020, de 12 de marzo, tanto o IVE como as retencións por IRPF e outros tributos con vencemento ata o 30 de maio **pódense aprazar ate seis meses** (só os **primeiros 3 meses sen intereses**), sempre e cando a súa facturación non sexa superior a 6.010.121,04 euros.

Podo deixar de pagar a luz, a auga e outros subministracións?

O RDL prevé que os provedores de subministracións, incluídos os de telecomunicacións, non poidan cortar o servizo por impago a clientes vulnerables (aqueles con baixos ingresos e/ou familiares dependentes ao seu cargo)

Podo deixar de pagar o alugueiro do meu local?

Non existen medidas ou axudas específicas para o pago de alugueiros de centros de traballo rexeitados por profesionais autónomos/as.

Só se prevén condicións especiais para evitar desafiuzamentos na vivenda habitual da profesional autónoma/o, cando se atope en baixa actividade ou sufriu unha baixada da polo menos o 40% dos seus ingresos.

Pódese pedir ao arrendatario que modifique temporalmente a renda, amparándose no artigo 1105 do Código Civil, pero sempre se requirirá o acordo entre as dúas partes.

MEDIDAS DO RDL 9/2020, DE 27 DE MARZO

1. Mantense a actividade de centros sanitarios e centros sociais de maiores, persoas dependentes ou persoas con discapacidade.
 - a. Isto quere dicir que teño a obriga de abrir?
Non. Debes atender na medida en que poidas en función das necesidades dos teus clientes. Quedades o teu centro e ti, como profesional especializada/o, á disposición das autoridades en caso de precisarte. É dicir, permíttese a redución ou suspensión da actividade parcialmente nos termos en que así o permitan as autoridades competentes.
 - b. NON poderán tramitar un ERTE.
 - c. O incumprimento ou a resistencia das ordes das autoridades competentes poderá ser sancionado.
2. Non se considerará xustificado o despido por causas relacionadas co COVID-19. Existen dous criterios interpretativos se aínda así se procede ao despido:
 - a. Conversión directa en improcedente.
 - b. Nulidade do despido.
3. O tempo de suspensión dos contratos temporais por ERTE derivado do COVID-19 interrompen o cómputo da súa duración.
4. Establécese un réxime sancionador para condutas fraudulentas e a obriga de reintegrar as prestacións recoñecidas indebidamente.